

**RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DE DESERTO DO EXPEDIENTE Nº PTG 2/2016 PARA A
CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SEGURIDADE DO PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA**

Mesa de contratación:

Os membros da Mesa de Contratación designados polo órgano de contratación foron os seguintes:

Presidente: Ricardo Capilla Pueyo, Director Xerente de Parque Tecnolóxico de Galicia S.A.

Presidenta suplente: Beatriz González-Tejada Jácome, persoal do Departamento de Proxectos de Parque Tecnolóxico de Galicia S.A.

Secretaria: María Luisa Pena Nieto, Directora de Administración e Finanzas de Parque Tecnolóxico de Galicia S.A.

Secretaria suplente: Noemí Lorenzo Carbajales, persoal do Departamento de Administración e Finanzas de Parque Tecnolóxico de Galicia S.A.

Vogais:

- Antonio Gómez Méndez, responsable do Departamento de Servizos Xerais de Parque Tecnolóxico de Galicia S.A.

- Beatriz Monfort Liniers, persoal do Departamento de Proxectos de Parque Tecnolóxico de Galicia S.A.

Características do procedemento:

Procedemento de adxudicación: aberto

Data de publicación do anuncio: 24/02/2016

Data de apertura pública das proposicións técnicas, sobre C: 14/03/2016

Data de apertura pública das proposicións económicas, sobre B: 18/03/2016

Primeiro.- OFERTAS PRESENTADAS

Presentouse en prazo 1 proposición sendo a entidade a seguinte: SASEGUR, S.L.

A Mesa acordou admitir a proposta.

Segundo.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS OFERTAS ADMITIDAS

O prego fai referencia aos criterios de adxudicación de forma resumida no punto 7 do "Cadro de características do contrato".

Terceiro.- VALORACIÓN DA OFERTA ADMITIDA

A puntuación total acadada polo licitador foi a seguinte:

Licitador	Calidade oferta técnica (máx 60)	Valoración Económica (máx 40)	Total
SASEGUR, S.L.	41	40	81

Cuarto.- Retirada da oferta por parte do licitador SASEGUR S.L.

O día 21 de marzo recibíuse comunicación de SASEGUR, S.L. pola que informaba da súa decisión de retirar a súa oferta motivada por un erro no cálculo de horas de servizo o que a levou a ofertar un prezo que o licitador declara estar por debaixo do custe do servizo.

Quinto.-

O día 28 de marzo a Mesa de Contratación acorda propoñer que se declare deserto o procedemento ao retirarse a única oferta presentada.

En base a todo o anterior, o Órgano de Contratación,

RESOLVE:

- 1) Declarar deserto o procedemento de contratación do Servizo de Seguridade do Parque Tecnolóxico de Galicia, nº expediente PTG 2/2016, e iniciar un novo procedemento de contratación.
- 2) Publicar esta resolución no Perfil do Contratante da web www.tecnopole.es e na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia

En San Cibrao das Viñas a 29 de marzo de 2016.

tecnópole
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.

Asdo. Manuel Antonio Varela Rey

Representante do órgano de contratación de Parque Tecnolóxico de Galicia S.A.